

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Poza de Fonfría

A poza de Fonfría localízase na parroquia de Lubre, concello de Ares (A Coruña). Segundo uns, nas súas augas agacha encanto en figura de galiña con pitos, para outros o encanto é unha nena e aínda son ben deles os que din que alí vive unha serpe que mete moito medo.

A quen morde a serpe, ten a morte á porta precedida de desgrazas. En cambio, se a aloumiñas e lle pasas a man polo lombo, non só non che fai dano, senón que se converte en ouro e o seu corpo trasmúdase en marabilloso agasallo.

BIBLIOGRAFÍA

CARNEIRO REY, J. A., «Arqueoloxía e folclore: concellos de Ares e Mugardos», en *Cátedra*, 6, pp. 7-32, Pontevedra, 1993.

PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E., GÓMEZ BLANCO, A., *De lenda en lenda. Camiños máxicos polo noroeste de Galicia*, Ferrol, 1999.